

SOLICITANTE					
NOME:	HENRIQUE	PRIMEIRO APELIDO:	DEL RIO		
SEGUNDO APELIDO:	OTERO	NIF/NIE:	[REDACTED]		
ENDERZO POSTAL:	TRAVESIA DA TORRE Nº2, 1º				
CIDADE:	BETANZOS	PROVINCIA:	A CORUÑA	C.P.:	15300
TELÉFONO FIXO:	981776466	TELÉFONO MÓBIL:	[REDACTED]		
CORREO ELECTRÓNICO:	henrique.delrio@betanzos.gal				
ENDERZO ELECTRÓNICO HABILITADO:	henrique.delrio@betanzos.gal				


Actuando en nome propio     Representando, en calidade de Representante legal    a:

INTERESADO					
NOME/RAZÓN SOCIAL:	GRUPO MUNICIPAL DO BNG	PRIMEIRO APELIDO:	[REDACTED]		
SEGUNDO APELIDO:		NIF/CIF:	[REDACTED]		
ENDERZO POSTAL:	TRAVESIA DA TORRE Nº2, 1º				
CIDADE:	BETANZOS	PROVINCIA:	A CORUÑA	C.P.:	15300
TELÉFONO FIXO:	981776466	TELÉFONO MÓBIL:	[REDACTED]		
CORREO ELECTRÓNICO:	[REDACTED]				
ENDERZO ELECTRÓNICO HABILITADO:	[REDACTED]				

CANLE DE NOTIFICACIÓN	
<input checked="" type="radio"/> Tradicional	
<input type="radio"/> Telemático	

EXPON
1- Que o Concello de Betanzos e a Deputación asinaron un convenio para a construción dunha senda peonil á beira do Mandeo, entre Betanzos e o campo dos Caneiros (no municipio de Coirós)
2- Que o Concello de Betanzos aprobou o proxecto dese paseo en sesión plenaria celebrada o 26 de agosto de 2014
3- Que o proxecto foi eximido de avaliación ambiental por estar redactado sobre a base dun proxecto anterior redactado pola Deputación que non foi incluído no chamado Proxecto Mandeo. e tramitado de urxencia no seu día
4- Que o proxecto aprobado polo Concello contraén diversas actuacións agresivas co medio (algunhas no termo





#### SOLICITA

QUE O DEPUTADO DELEGADO DE PLANS PROVINCIAIS:

- 1- nos aclare por escrito por qué o proxecto aprobado polo Concello-Pleno de Betanzos e financiado pola institución provincial non recolle a alternativa formulada e defendida por diversas entidades medioambientais e asociacións culturais da comarca das Mariñas, un proxecto que eliminaba os puntos máis críticos ambientalmente e mesmo supoñía un aforro sobre o orzamento inicialmente previsto, que incluso se podería destinar a financiar unha primeira fase da rehabilitación do xardín histórico do Pasatempo.
- 2- que do mesmo xeito se nos aclare se se pode modificar o proxecto construtivo do paseo
- 3- que se aclare tamén se é posibel buscar outra vía de financiamento extraordinario (fóra do POS+) para o Pasatempo

Para cubrir pola Administración. A lista de documentación que se xunta xerarase automaticamente.

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- proxecto alternativo ruta caneiros (Diputacion\_Ruta2Caneirosv4)

Cláusula xeral:

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade da Deputación, coa finalidade de poder atender a súa solicitude.



**Grupo Municipal do BNG de Betanzos**  
**A/At. Henrique del Río Otero**  
**Travesía da Torre, nº 2, 1º**  
**15300 - Betanzos**

En calidade de deputado delegado de Plans Provinciais da Deputación da Coruña, e contestando ao escrito do grupo municipal do BNG no Concello de Betanzos con data de rexistro na Deputación de 13 de xaneiro de 2017, debo aclarar o seguinte:

1.- É o Concello de Betanzos o que impulsa e solicita a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos para o financiamento das obras de “Construción de senda fluvial e adecuación da zona dos Caneiros”. Non é, pois, a Deputación da Coruña a promotora da obra, senón o Concello de Betanzos.

2.- É tamén o Concello de Betanzos o que aproba o proxecto da senda fluvial en sesión plenaria celebrada o 26 de agosto de 2014.

3.- Unha vez presentado o proxecto na Deputación da Coruña pola entidade promotora, os Servizos Técnicos da Deputación comprobaban que o proxecto foi aprobado polo órgano competente (o Concello-Pleno), que consta certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas dos organismos adscritos á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e coa dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución das obras e que a obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento. Diante diso os Servizos Técnicos da Deputación emiten informe favorábel e o Pleno da Deputación, en sesión celebrada o 27 de novembro de 2014, aproba o proxecto da senda fluvial. Posteriormente, o 3 de decembro de 2014, o Presidente da Deputación, Diego Calvo, e o Alcalde de Betanzos, Ramón García Vázquez, asinan o texto do convenio. A partir de aí iníciase a tramitación do expediente de contratación da obra, que leva a cabo o Concello de Betanzos, que finalmente aproba o expediente de contratación na Xunta de Goberno Local do 22 de decembro de 2016.

4.- Como se pode comprobar, a Deputación da Coruña non é en ningún caso a promotora da obra, limitándose a supervisar o proxecto presentado polo Concello e a financiar a súa execución, seguindo o mesmo procedemento que se leva a cabo con todos os proxectos que os concellos da provincia presentan na Deputación.

5.- É certo que o Concello puido e pode solicitar o cambio de obxecto do convenio e destinar esa achega provincial a outro proxecto distinto, pero esa petición non se fixo en ningún momento por parte do Concello e, xa que logo, sen que o Concello solicite o cambio de obxecto, non se pode destinar a achega provincial aprobada para ese convenio a ningún outro proxecto. En calquera caso, con data 19 de xaneiro, rexistrouse no Concello de Betanzos un escrito do Servizo de Plans dándolle trámite de audiencia para que se pronuncie sobre algunhas das cuestións que figuran no escrito que nos fixo chegar o Grupo Municipal do BNG de Betanzos.

6.- Ao respecto da rehabilitación do parque do Pasatempo, trasládolle ao grupo municipal do BNG de Betanzos que esta Deputación sempre está aberta a colaborar cos concellos na recuperación do seu patrimonio. En calquera caso sería necesario que o concello xestione coas diferentes administracións, nomeadamente coa Xunta de Galicia e coa Deputación da Coruña, a colaboración necesaria para financiar a recuperación deste singular patrimonio.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2017



Xosé Regueira Varela  
Deputado de Cooperación, Plans provinciais xerais,  
Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico